

O PSOE da Mariña súmase á concentración en protesta polo novo anuncio de reforma da lei do aborto

A protesta, convocada polo Observatorio da Mariña pola Igualdade, terá lugar ás 20:00 horas diante do Concello de Burela

Os socialistas súmanse a esta protesta para denunciar que o PP está incitando ás mulleres a abortar circunstancias insalubres e introduce o clasismo sobre un dereito inalienable da muller como é a capacidade de decisión de ser nai ou non, incrementando exponencialmente o risco de mortalidade asociada á práctica do aborto non regulado

O apoio do PSOE á protesta é unha mostra máis do compromiso dos socialistas cos dereitos das mulleres, algo que xa se manifestara na campaña promovida polo PSdeG “Que non nos toquen a lei” co obxectivo de esixirle ao PP que non modificara a lei do aborto e respectara os dereitos das mulleres

A MARIÑA, 23 DE FEBREIRO DE 2015.- O Partido Socialista da Mariña apoia a concentración convocada polo Observatorio da Mariña pola Igualdade en protesta polo novo anuncio de reforma da Lei do Aborto que terá lugar hoxe ás 20:00 horas diante do Concello de Burela.

Os socialistas súmanse a esta protesta co obxectivo de denunciar que “o PP volve a invitar ás mulleres a abortar en sótanos insalubres e introduce o clasismo ante un dereito inalienable da muller como é a capacidade de decisión de ser nai ou non, co que se fomenta un incremento exponencial da mortalidade asociada á práctica do aborto non regulado”. Segundo a coordinadora comarcal –Mayra García-, “a falta de ética e o radicalismo desta lei póñense de manifesto ao preferir o sufrimento que o aborto”.

“O PP está a mentir unha vez máis ao declarar que a lei vixente prive aos proxenitores da posibilidade de acompañar e orientar as menores”, afirma. E é que a actual lei establece que, o dereito de interrupción de embarazo no caso das mulleres entre 16 e 17 anos, lles corresponde exclusivamente a elas, coa condición de que polo menos un dos proxenitores ou representante legal deberá ser informado da decisión da muller, coa excepción de que cando a menor alegue fundadamente que isto lle provocaría un conflito grave e que non garanta a súa capacidade de decisión.

Compromiso socialista cos dereitos femininos

O apoio do PSOE á protesta é unha mostra máis do compromiso dos socialistas cos dereitos das mulleres. Compromiso que xa se manifestara coa campaña promovida polo PSdeG “Que non nos toquen a lei” para esixirle ó PP que non modificara a lei do aborto e respectara os dereitos das mulleres. “O máis importante para o Partido Socialista é garantir o dereito das mulleres a planificar a súa vida, a decidir cando quere ser nai e cando non, sen que o Goberno impoña o seu sectarismo ideolóxico negando a realidade da muller. O importante é informar á xente, e por iso, dende o PSOE da Mariña, celebramos unha charla informativa sobre a reforma que pretendía levar a cabo o PP”, destaca García.

Para os socialistas este tema é sumamente importante, non só para as mulleres senón para o conxunto da sociedade. Os gobernos socialistas deron grandes pasos para equiparar en dereitos a homes e mulleres, e por iso non se pode deixar de defender e reivindicar a igualdade para as mulleres. Non se pode permitir ningún retroceso máis nos dereitos das mulleres.

Intención do PP de legislar a moralidade das mulleres

A intención do PP coa reforma da Lei Orgánica 2/2010, de Saúde Sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, é a de legislar a moralidade das mulleres cun espírito imperioso e carente de fundamento, deixando sen capacidade de decisión as mulleres. Isto supón o maior retroceso para os dereitos da mulleres de toda a democracia, xa que, elimina o seu dereito a decidir sobre o seu corpo e vida, deixándoas desprotexidas, poñendo en risco a súa saúde física e psicolóxica e devolvéndoas de novo á clandestinidade.